

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE

7664 *Corrección de erros do Real decreto 69/2015, do 6 de febreiro, polo que se regula o Rexistro de Actividade de Atención Sanitaria Especializada.*

Advertidos erros no Real decreto 69/2015, do 6 de febreiro, polo que se regula o Rexistro de Actividade de Atención Sanitaria Especializada, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 35, do 10 de febreiro de 2015, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 12, no segundo parágrafo do número 16 do anexo I «Definicións das variables incluídas no Rexistro de Actividade de Atención Sanitaria Especializada (RAE-CMBD)», onde di: «... na listaxe que figura no anexo II.c.», debe dicir: «... na listaxe que figura no anexo II.b.».

Na páxina 15, na táboa do anexo II.a «Estrutura do ficheiro de intercambio», na fila n.º 1, columna «Valores⁽¹⁾», onde di: «3. Tarxeta sanitaria europea», debe dicir: «3. Código de identificación de Muface/ISFAS/Muxexu». Así mesmo, nas mesmas fila e columna, onde di: «4. Código de identificación de Muface/ISFAS/Muxexu», debe dicir: «4. Tarxeta sanitaria europea».

Na páxina 16, na táboa do anexo II.a «Estrutura do ficheiro de intercambio», na fila n.º 14, columna «Valores⁽¹⁾», onde di: «Atención Primaria.», debe dicir: «10. Atención primaria.». Así mesmo, nas mesmas fila e columna, debaixo de: «60. Centro sociosanitario», débese inserir: «70. Por orde xudicial.».

Na páxina 17, na táboa do anexo II.a «Estrutura do ficheiro de intercambio», nas filas n.º 23 e 25, columna «Lonxitude», onde di: «7», debe dicir: «8».